

# ZENÓN DE CITIO

Zenon de Citio foi un filósofo orixinario de Chipre nacido en Citio no ano 334 a.C. que faleceu aos seus 72 anos en Atenas (Grecia) no ano 262 a.C

Zenon de Citio comezou a súa viaxe na filosofía aos 22, despois de sufrir un naufraxio e abrioulle a atracar en Atenas, esta foi a súa primeira vez pisando a cidade. Ali interesouse pola cidade e a filosofía, o seu primer interes foron os cínicos (sobretudo con Crates de Tebas) e despois estudou os megáricos e os estoicismos antigos, o cal levouno a ser coñecido no mundo da filosofía Grega.

Zenon de Citio escribiu varios libros, sen embargo, non se conserva ningun deles completo, so algúns fragmentos. Os fragmentos máis importantes dos libros que conservamos máis relevantes son:

**A República:** unha obra que reflexiona sobre como debería organizarse a sociedade, baseada na virtude e na razón. Pensaba que non deberían existir distinción entre riqueza e poder, e que todos deberían contribuir ao ben común.

**Sobre a vida conforme á natureza:** Este e un dos temas máis centrados no seu concepto máis recoñecido, o estoicismo, explica o obxectivo da vida humana é vivir en harmonía coa razón e a natureza aceptando o mundo tal e como é. A súa finalidade e que o ser humano debe entender o seu lugar e empregar a sabedoría e a virtude.

**Sobre as paixóns:** Nesta obra analízanse as emocións humanas coma a ira, tristeza ou pracer, e ensina a liberdade e non deixarse dominar por elas. A idea principal e non deixarse levar polar emocións e manterse sereno en calquera circunstancia.

Estes títulos non son os orixinais, pero o so conservar fragmentos creáronse os títulos a partir das ideas principais das obras.

A principal razón de que Zenon sexa un factor importante na filosofía é porque fundou no século III a.c o estoicismo, unha escola pública filosófica en Atenas coñecida como Estoá Poikilé "Pórtico Pintado", que face reflexionar aos seus alumnos sobre a lóxica, a física e a ética. A súa academia non era como unha escola actual, as súas leccións eran no portico (un espazo público) para que todo mundo puidera ter acceso, a diferenza da academia de Platón. Con isto, buscaba ensinar como alcanzar a plena felicidade e tranquilidade interior con tan só ser indiferente ás comodidades materiais. Para iso, baseouse nalguns principios filosóficos:

**Sistema lóxico:** para distinguir o que é verdade do que non, para alcanzar a virtude e para defender racionalmente a súa filosofía.

**Vista sobre o mundo natural:** para ensinar que o universo é racional e ordenado e polo tanto o ser humano debe vivir conforme con esa orde, e para ensinar a sencillez e a limitarse, xa que a natureza non precisa de privilexios nin excesos.

**Aceptación do destino:** para enfocarse no que depende de nos mesmos, para lograr a paz interior e así estar máis cerca da felicidade e para desenvolver as nosas virtudes.